



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 788 Semana do 2 ao 8 de xullo de 2018

O 92,35% DAS PERSOAS QUE PARTICIPARON NA CONSULTA PROMOVIDA POR UGT PRONUNCIÁRONSE A FAVOR DO ACORDO

ASINADO O IV AENC 2018-2020

Iníciase o camiño da recuperación de dereitos laborais, salariais e sociais

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, e os presidentes de CEOE e CEPYME, Juan Rosell e Antonio Garamendi, asinaron este xoves o IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) 2018-2020 nun acto público na sede do Consello Económico e Social de España (CES).

Un acordo que, para Pepe Álvarez, “inicia un camiño novo que nos ten que levar á recuperación real, para a maioría dos cidadáns e cidadás, dos salarios e dos dereitos laborais e sociais neste país”.

“Este acordo vén despois dun período longo sen consensos”, sinalou, “que é froito dunha negociación moi tensa, longa, dura e difícil, pero que finalmente sitúa os que teñen que ser os elementos básicos que deben rexer as relacións laborais nos próximos tres anos no noso país. Desta forma, recuperamos o diálogo social como instrumento fundamental da solución dos conflitos laborais e do que deben ser as bases do sistema de relacións laborais”.

O secretario xeral de UGT, que se mostrou “satisfeito” coas conclusións do acordo, lembrou que o texto ratificouse por “case o 93%” dos nosos afiliados e afiliadas “porque representa un paso para empezar a recuperar a riqueza que se está xerando no noso país. É un acordo que, situando o salario mínimo por convenio en 2020 en 1.000 euros, vai posibilitar que aquelas persoas que máis poder adquisitivo perderon durante os anos de crise o poidan empezar a recuperar, especialmente as mulleres e os mozos”.

Neste sentido, considerou que “se a economía crece, os salarios teñen que crecer tamén. Introduce elementos que son importantes, como son trasladar aos salarios a produtividade e a propia conta de resultados das empresas, sobre todo daquelas nas que é máis difícil poder medir a produtividade, como é o caso das empresas de servizos”.

Impulsar agora o diálogo social tripartito, incluíndo aos grupos parlamentarios

Ademais, Pepe Álvarez afirmou que “abre a porta ao que ten que ser o diálogo tripartito, que nos gustaría que conte tamén cun amplo consenso parlamentario, polo que convidamos os grupos políticos a poder traballar de maneira conxunta para que sexa posible que os acordos aos que cheguemos contén cun amplo soporte parlamentario”.

Para Álvarez, “temos unha ocasión única. As normas que duran son as que son froito do consenso, e apuntámonos a poder ser un exemplo neste período para que o consenso presida as reformas que se teñan que producir en relación co mercado de traballo e as relacións laborais. Un país sólido, competitivo, tecnoloxicamente avanzado e que produce con alto valor engadido é un país que ten unhas bases de relacións laborais sólidas e que contan o convencemento e o traballo común de traballadores e empresarios”.

“Somos plenamente conscientes de que hai retos moi importantes que desenvolver”, manifestou. “O día 8 de marzo, millóns de mulleres gritaron, xunto a millóns de homes, a necesidade de entrar nunha nova dinámica na que acabemos coa discriminación laboral e social, a brecha salarial, o acoso ou a violencia de xénero”.



Ademais, “temos un reto que é darlle saída laboral aos mozos. O acordo contempla elementos tan importantes como a recuperación do contrato de substitución, fundamental para recuperar o emprego e renovar os cadros de persoal”.

Por todo iso, sinalou que “encaramos esta etapa con ilusión, con esperanza de que, finalmente, a recuperación, que leva tres anos nas contas de resultados das empresas, chegue de maneira real aos petos das familias e os traballadores e traballadoras, e que esta etapa permítanos a recuperación de dereitos laborais, sociais e das plenas liberdades polo que fai referencia ao exercicio da acción sindical”.

UN ACORDO REFRENDADO POLO 92,35% DAS PERSOAS QUE PARTICIPARON NA CONSULTA E APROBADA POR UNANIMIDADE A SÚA RATIFICACIÓN POLO COMITÉ CONFEDERAL

O Comité Confederal, reunido este xoves en Madrid, aprobou por unanimidade a ratificación do Preacordo acordado o pasado 25 de xuño para orientar a negociación colectiva dos vindeiros tres anos, coñecido como IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2018-2020. Lembrar que xa fora sometido á consideración das bases do Sindicato mediante unha consulta desenvolvida entre os días 26 de xuño e 3 de xullo e cuxo resultado foi tamén un apoio maioritario ao contido do acordo.



URXE CORRIXIR A PRECARIIDADE QUE EN GALICIA PLÁSMASE CON MÁIS DE 100.000 CONTRATOS NO MES PERO SÓ 8.408 AFILIADOS MÁIS NA SEGURIDADE SOCIAL



Redacción.- Aínda que os datos de desemprego referidos ao mes de xuño en Galicia reflicten unha baixada do número de persoas no paro, UGT-Galicia advirte que este é un dato estacional que para nada reflicte unha mellora estrutural do mercado laboral desta Comunidade que segue inmerso na precariedade que se plasma con datos tan significativos como que no mes de xuño fixéronse 103.670 contratos, o que contrasta con tan só 8.408 persoas afiliadas máis, consolidadas, na Seguridade Social e, por outro lado, co feito de que a contratación indefinida tan só represente o 8% sobre o total.

Ademais, outra das constantes do mercado laboral galego que lle preocupa ao Sindicato é a continua precarización do sistema de protección ao desemprego que perde 22,9 puntos de cobertura en relación ao ano 2010. Isto é froito do progresivo desmantelamento do sistema de protección por desemprego, consecuencia das fortes políticas de axuste impostas polo Goberno do PP. Este é un feito que, evidentemente, incrementa o risco de pobreza e exclusión social entre os fogares.

Son moitas as circunstancias enquistadas no mercado de traballo galego que urxe corraxir.

Entrando de chego a analizar os datos, estes evidencian unha caída do desemprego no mes de xuño do 3,75%, 6.631 persoas menos que no mes de maio. Así, hai que en Galicia un total de 170.065 persoas en situación de desemprego.

En relación a hai un ano, o paro baixa nesta Comunidade nun 10,3%, 19.600

persoas menos no desemprego.

Fenda por sexos en termos de desemprego

Por sexos, segue a constatarse unha significativa brecha en termos de desemprego. As mulleres representan o 57,8% do total do desemprego. O paro baixa entre as mulleres nun 3,3%, fronte ao 4,36% no caso dos homes. En termos interanuais sucede o mesmo, o desemprego baixa nun 13,4% no caso masculino e nun máis discreto 7,9% no caso das mulleres.

Entre os menores de 25 anos o desemprego baixa no 8,63% e en relación a hai un ano a baixada é dun 13,3%.

Por sectores de actividade, tamén se rexistra unha baixada do desemprego. Onde máis se contrae en termos relativos é na construción, un 4,39%; un 3,94% no sector servizos; un 3,71% no primario; un 2,9% na industria; e entre o colectivo de sen emprego anterior nun 2,79%.

En termos anuais o descenso tamén é acusado no conxunto de actividades. Así, baixa nun 20,6% na construción; na industria nun 12,7%; e no primario, nun 12,8%. Non obstante, en termos absolutos, a maior caída dáse no sector servizos, 10.678 persoas menos no desemprego, pola terciarización da economía.

Como xa se apuntaba en parágrafos precedentes, a precariedade da cobertura por desemprego urxe unha solución. O número de beneficiarios de prestacións é de 83.580, o que amosa unha caída de 8.244 menos que hai un ano. A taxa de cobertura queda no 51,9%, 22,9 puntos

menos que no ano 2010. A día de hoxe quedan fóra do sistema de protección por desemprego 93.116 persoas (tendo en conta tanto ás persoas que teñen dereito á prestación como as que non). Cando a taxa de cobertura no resto do Estado é do 56%.

Ademais, tan só 35.093 persoas perciben unha prestación de carácter contributivo, o 42% do total, o que apunta a unha forte precariedade no desemprego. A gran maioría perciben prestacións de carácter asistencial, subsidios (37.477); renda activa e inserción (8.898); ou programa de activación de emprego (2.112 persoas).

Para UGT-Galicia é crucial revisar o actual sistema de protección ao desemprego. Neste senso, as políticas de protección por desemprego deben reforzarse e ampliarse as prestacións contributivas e asistenciais, aumentando o grado de cobertura e de atención ás persoas máis desprotexidas. Hai que corraxir as insuficiencias, sempre no marco da mesa do diálogo social.

Preocupa o aumento exponencial do contrato de apoio a emprendedores. Medra un 21% no último ano

Ao Sindicato tamén lle preocupa o aumento exponencial do contrato de apoio a emprendedores, nacido baixo a reforma laboral de 2012, co fin de camuflar a precariedade na contratación indefinida. O seu uso medrou en Galicia a un ritmo do 21% no último ano, incluso por enriba do que sucede no resto do Estado onde o crecemento nestes últimos doce meses foi do 15%.

ESTE LEVA DENDE O 2010 SEN ACTUALIZARSE

OS TRABALLADORES DO COMERCIO TÉXTIL DA PROVINCIA DE OURENSE MOBILÍZANSE PARA RECLAMAR A ACTUALIZACIÓN DO CONVENIO

Redacción.- As traballadoras e os traballadores do sector do comercio téxtil da provincia de Ourense levan varios venres mobilizándose na cidade das Burgas para demandar a actualización dun convenio colectivo que leva dende o ano 2010 sen modificar.

Isto supón oito anos de conxelación salarial que as traballadoras e traballadores do sector consideran excesivos.

De feito, a día de hoxe, o salario medio do sector, na categoría de dependente/a a xornada completa, é de

873,19 euros brutos ao mes, que se quedan en 780 euros netos.

Por todo isto, e ante a actitude de pasividade coa que se comporta a patronal dende o inicio das negociacións en abril de 2018, as traballadoras e traballadores do sector conti-



nuarán mobilizándose ata que se asine un convenio que recolla salarios e condicións laborais dignas.

OS TRABALLADORES DE CORREOS MOBILÍZANSE PARA ESIXIR A VIABILIDADE DO SERVIZO E A MELLORA DAS SÚAS CONDICIÓNS LABORAIS

Redacción.- Este xoves ducias de delegados de correos concentráronse ás portas da Dirección de zona, en Santiago, para esixir a viabilidade do servizo postal público e a mellora das condicións laborais dos seus traballadores.

Nesta nova xomada reivindicativa os sindicatos convocantes, UGT, CCOO, CSIF e SL, entregaron un manifesto e advertiron que a mobilización irá en aumento a partir de setembro con concentracións e manifestacións autonómicas e tres xomadas de folga xeral a finais de ano, se o novo Goberno non cambia as lesivas políticas contra a viabilidade de Correos e o Servizo público postal.

FeSP insiste en que a situación de Correos, tras anos de invisibilidade e recortes por parte do anterior Executivo, require da adopción de medidas urxentes por parte do novo Goberno para evitar que o déficit se instale na empresa pública como un bucle do que sería

complexo saír. E é que os 310 millóns de euros de déficit, unidos ao recorte presupostario de 123 millóns de euros en 2017 e a previsión de 60 en 2018; e a ausencia dun plan estratéxico, que non permite á empresa adaptarse ao novo mercado de paquetería e á prestación de servizos financeiros como outros operadores públicos postais en Europa, non augura un futuro prometedor.

Os efectos desta política de recortes na empresa pública son a supresión de 15.000 empregos en todo o país na última década (700 plantilla fixa en Galicia), a redución da contratación e a implantación dun modelo baseado na precariedade, cun 35% de plantilla



eventual, dos que o 22% o son a tempo parcial. A cidadanía é a outra gran vítima destes recortes na empresa pública que supuxo a supresión do servizo en numerosas zonas, principalmente no rural, o peche de oficinas e unha sobrecarga de traballo que provoca a falta de calidade por exceso de rotación no persoal temporal e a implantación de miles de "minijobs".

OS TRABALLADORES DA FÁBRICA DE ARMAS E OS VIXIANTES DESPEDIDOS RECLÁMANLLE AO DELEGADO DO GOBERNO UN FUTURO SERIO E VIABLE PARA A FACTORÍA

Redacción. O delegado do Goberno mantivo o pasado venres unha reunión cos antigos traballadores da Fábrica de Armas e cos vixiantes despedidos, durante a concentración que protagonizaron fronte á sede da Delegación na Coruña, para reclamar un futuro viable, serio e industrial para a factoría.



EQUIPARAR SEN DEMORA OS DEREITOS DAS EMPREGADAS DO FOGAR

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores reclama que o novo contexto político sexa unha oportunidade para abrir o diálogo social e equiparar o sistema especial de empregadas de fogar e o réxime xeral da Seguridade Social, torpedeado continuamente polo Goberno do PP desde 2012.

O sindicato lembra que en decembro deste ano finalizaba o período transitorio establecido para a equiparación entre o sistema especial de empregadas de fogar e o réxime xeral en bases, tipos de cotización e computo do tempo parcial a efectos de prestacións. A pasada semana, traballadoras do fogar e de cuidados concentráronse diante do Congreso dos Deputados porque unha emenda presentada polo Grupo Parlamentario Popular ao Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado (PXE) pretende que esta moratoria estea en vigor ata o ano 2024, e así será tras a aprobación dos PXE.

Isto implica un novo retroceso na equiparación de dereitos dun sector dedicado ás tarefas domésticas e de coidado de persoas, que ocupa ao 2,2% das persoas afiliadas á Seguridade Social en España. Desde a entrada en vigor da nova regulación, tanto laboral como de Seguridade Social, en xaneiro de 2012, resultado do Diálogo Social, o Goberno do Partido Popular non só non propiciou avance algún, senón que retrocedeu nos logros.

O final do período transitorio en decembro debería ser precedido pola preparación, xunto aos interlocutores sociais, das medidas e cambios necesarios para que o tránsito ás bases e tipos de cotización do Réxime Xeral fose sustentable para ambas as partes da relación laboral e xusto coas traballadoras do fogar. Pero tamén para seguir avanzando nunha equiparación de dereitos laborais, á que reiteradamente se negou o Goberno, non convocando o grupo tripartito de expertos previsto

para febreiro de 2012 e tomando decisións unilaterais. Decisións que revertían avances logrados, como cambiar os tramos de cotización ou que a obriga de dar de alta e ingresar a cotización fora sempre da parte empregadora, e que foron tomadas sempre con criterios económicos e pensando unicamente nunha parte da relación laboral, sen consideración aos dereitos das traballadoras.

Ademais, de igual forma, impedíronse o resto de avances que estaban previstos, como o establecemento dunha protección por desemprego, a desaparición da desistencia como forma de extinguir un contrato e o resto de diferenzas entre as traballadoras deste sector e o resto, como a case imposibilidade de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a non aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ou o feito de que a relación laboral especial abarca multitude de tarefas, todas elas valoradas economicamente da mesma forma.

A Unión Xeral de Traballadores quere tamén lembrar que este sector de actividade está a cubrir necesidades sociais, especialmente de cuidados de persoas, que deberían ser prestadas polas Administracións Públicas. Este aforro, por parte dos orzamentos das Administracións, prodúcese á conta de manter a precariedade dun sector feminizado e cunha gran presenza de mulleres migrantes.

Para UGT, o novo contexto político debe ser unha oportunidade para, de maneira inmediata, volver abrir o diálogo social e resolver unha parálise de seis anos, propiciada polo Goberno do Partido Popular, co fin de avanzar na equiparación de dereitos laborais e de Seguridade Social e proceder á ratificación do Convenio 189 da OIT sobre traballo decente para traballadoras e traballadores do-



mésticos.

Datos de interese

En España hai 18.832.753 persoas afiliadas á Seguridade Social: o 2'2% o están ao Sistema Especial de Empregados de Fogar.

Das 8.719.852 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o 4'5% (398.585) o están ao Sistema Especial de Empregadas de Fogar.

O 42% (167.536) do total de mulleres afiliadas ao Sistema Especial de Empregadas de Fogar teñen nacionalidade estranxeira.

Das 887.118 mulleres de nacionalidade estranxeira afiliadas á Seguridade Social, o 18'8% o están ao Sistema Especial de Empregadas de Fogar.

O salario medio das persoas que traballan en fogares é de 823'16 euros brutos mensuais, mentres que o salario medio total é de 1.878'09 euros.

O salario medio de 260.300 persoas asalariadas que traballan en fogares apenas supera os 343 euros brutos mensuais.

O 53'4% das persoas que traballan en fogares, o fan a tempo parcial. O emprego doméstico en España representa o 28'6% de todo o emprego doméstico da Unión Europea.

Os PXE, UN PARCHE PARA OS PENSIONISTAS

Redacción.- UGT defende ir máis aló dos Orzamentos Xerais do Estado 2018 en materia de pensións porque conteñen medidas temporais, parciais e insuficientes que non corrixen a perda de poder adquisitivo e os recortes que sufriron os pensionistas desde a reforma de pensións de 2013, imposta polo anterior Goberno do Partido Popular.

O sindicato estima necesario establecer un consenso social e político que pasa pola derogación da reforma de pensións de 2013, imposta polo Goberno do PP, e por asegurar o poder adquisitivo de todos os

pensionistas.

Neste sentido, insta os partidos políticos, no marco do Pacto de Toledo, a que recoñezan a subida de todas as pensións conforme ao IPC, como un dereito esencial e universal e que como tal se blinde na Constitución.

Os impostos son necesarios para pagar pensións dignas

O sindicato considera positivo que o Goberno expoña retocar a fiscalidade para fi-

nanciar as pensións, porque estas non se poden financiar só con cotizacións. Defende o establecemento de impostos finalistas.

Demanda que se poñan en marcha, canto antes, medidas para afrontar o actual déficit da Seguridade Social. Entre elas: acabar coas bonificacións á contratación das empresas, a cargo da SS; financiar os gastos do Sistema desde os Orzamentos Xerais do Estado; e destopar as bases de cotización. Esixe tamén que o actual Goberno acabe con todos os recortes que minguaron o poder adquisitivo dos nosos pensionistas, como o copago farmacéutico.

PERMISO DE PATERNIDADE, INSUFICIENTE

Hai que igualar o permiso de paternidade, co de maternidade

Redacción.- Este mércores publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a Lei 6/2018 de Orzamentos Xerais do Estado, aprobada polo Congreso o pasado 28 de xuño. Esta Lei, que xa entrou en vigor, contempla entre outras moitas disposicións, unha modificación do Estatuto dos Traballadores (ET) e do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) en relación coa corresponsabilidade nas tarefas de coitado, establecendo a duración do permiso de paternidade en 5 semanas ampliables en dous días máis por cada fillo ou filla nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple.

No caso dos traballadores por conta allea, o permiso poderase gozar desde o nacemento do bebé (tras os dous días de permiso por parto do ET) ata inmediatamente despois de finalizar as 16 semanas do permiso de maternidade da nai. Isto supón para os pais (ou o outro proxenitor) que terán cinco semanas máis os dous días de permiso por nacemento que establece o ET (os convenios colectivos poden incrementar este permiso).

Catro semanas gozaranse de forma ininterrompida e a quinta semana poderase unir ás catro anteriores ou se poderá gozar, previo acordo coa empresa, nun momento posterior, pero sempre antes de que o bebé cumpra os nove meses. En caso de adop-

ción, garda con fins de adopción ou acollemento, este permiso poderase gozar antes de que se cumpran os nove meses da resolución xudicial ou a decisión administrativa.

O permiso poderase gozar en réxime de xornada completa ou xornada parcial, dun mínimo do 50% previo acordo coa empresa, e deberá ser comunicado ao empresario coa suficiente antelación, antes do inicio do permiso, nos termos que determine a negociación colectiva.

A Lei de PXE 2018 tamén establece que o permiso de paternidade dos empregados públicos poderá gozarse nas mesmas condicións que o dos traballadores por conta allea do sector privado, algo que ata agora non era posible, pois o EBEP obrigaba a facelo efectivo inmediatamente despois do parto, ou da resolución xudicial ou administrativa que autorizará a adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.



En resumo, como novidade, a paternidade ampliase a 5 semanas e permítese fraccionar o goce da última semana de forma independente noutro momento dentro dos nove meses seguintes ao nacemento ou resolución de adopción ou acollemento. No caso dos traballadores por conta allea, amparados polo ET, para fraccionar o goce da última semana é necesario o acordo entre empresario e traballador. Para os empregados públicos, gozar a 5ª semana de forma independente, noutro momento, dentro dos 9 meses seguintes ao nacemento ou resolución de adopción ou acollemento, é necesario que se lle autorice pola Administración na que preste servizos de acordo aos termos previstos na súa normativa.

PROTEXER AOS “RIDERS”

O Goberno debe actuar con contundencia fronte á fraude dos falsos autónomos destas plataformas, non facelo é unha irresponsabilidade

Redacción.- RUGE, organización de mozos de UGT, insta o Goberno a dotar á Inspección de Traballo dos recursos necesarios para que realice unha campaña específica contra a fraude dos falsos autónomos nas plataformas dixitais da economía colaborativa.

A organización considera que xa existen evidencias suficientes – incluídas algunhas decisións xudiciais- da ilegalidade que cometen estas plataformas ao considerar ‘colaboradores’ aos seus traballadores, negándolles o status xurídico que lles corresponde como traballadores por conta allea, con todos os dereitos establecidos na lei. A súa relación de traballo non é mercantil, son falsos autónomos, e hai que actuar para legalizar a súa relación laboral. Ese cambio supoñería para os “riders” ter un marco normativo mínimo como asalariados, cunhas coberturas suficientes en caso de incapacidade temporal e de desemprego das que agora carecen.

RUGE considera inadmisíbel que estas plataformas embólsense millóns en beneficios a conta de non recoñecer a relación laboral que lles vincula cos seus traballadores e traballadoras, a conta de non abonar as cotizacións sociais que lles son obrigatorias, ou os custos sanitarios derivados dos accidentes que estes traballadores poidan sufrir no seu desempeño laboral. A organización de mozas e mozos de UGT insta a estas empresas a que legalicen a súa situación, cumpran a normativa laboral do noso país e deixen de enriquecerse a conta de eludir as súas responsabilidades cos sistemas de Seguridade Social e protección social, co que danan as nosas pensións e o noso mercado de traballo ao promover condicións laborais abusivas e que baixan a capacidade adquisitiva da cidadanía perpetuando a precariedade e a pobreza.

RUGE insta as plataformas dixitais, así mesmo, a negociar coas organizacións sindicais maioritarias convenios colectivos marco que, recollendo as particularidades destas no-

vas formas de traballo, establezan unhas garantías comúns que traian o normal equilibrio entre traballadores e empresas, base de todo dereito laboral. Ese marco de negociación colectiva supoñería para os “riders” dereitos mínimos de conciliación da súa vida persoal e laboral, condicións de seguridade e saúde no traballo e -tras a firma do IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (IV AENC)- incrementos salariais que establezan un mínimo de 1.000 euros ao mes en catorce pagas. As cidades están cheas de persoas en bicicleta con caixas de repartición xigantes ás costas, é unha imaxe que normalizamos en pouco tempo.

Eses repartidores que levan comida e outros produtos a multitude de clientes denunciaron a súa situación conxuntamente con organizacións como UGT e hoxe sabemos de certo que non se recoñecen os seus dereitos laborais e que teñen unhas condicións de traballo semiescravidades. Ante esta situación, non podemos seguir mirando cara outro lado.